

## ACTA DE XUNTA DIRECTIVA CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

CELEBRADA EN VIGO O DÍA 18 DE ABRIL DE 2016, SENDO AS 19:30H.

Asistentes
<b>Presidente</b> D. Xosé Henrique Freixeiro
<b>Directivos presentes</b> D. Raúl Leirós Gutiérrez
<b>Novos Directivos presentes</b> D <sup>a</sup> . María Luísa Martínez Bello D <sup>a</sup> . Henar de Diego de Diego D. José Miguel Merino Encinas D. José Carlos Senovilla Sanz
<b>Colaborador invitado</b> D. Xosé Lois Freixeiro

Iniciase a reunión da Xunta Directiva, convocada urxentemente polo Presidente a tal efecto.

### ORDE DO DÍA

1. Reorganización da Xunta Directiva.

### SESIÓN

1.- Don Henrique Freixeiro escusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta Directiva actual por diversos motivos persoais: María Begoña Landesa Torrado, Alicia Martínez Redondo, Antonio Sobrado Fernández, Antonio Paredes Chapela, Eduardo Barrosa Picón e Felipe Martínez Redondo.

Faise mención de que a reorganización ven motivada pola esixencia de dedicación exclusiva que esixe o Organismo oficial onde traballa D<sup>a</sup> Alicia Martínez, ata o de agora

Tesoureira do club, prohibíndolle realizar esta labor altruísta. Sen compartir a resolución e considerándoa ridícula e non axustada a dereito, o Presidente prefere liberar desta obriga a D<sup>a</sup> Alicia, para evitarlle problemas laborais.

Despois dunhas roldas de contactos, o Presidente propón a seguinte NOVA XUNTA DIRECTIVA do C.M.Xistra:

NOME	CARGO
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle	Presidente
María Begoña Landesa Torrado	Secretaria Xeral
Henar de Diego de Diego	Tesoureira
María Luísa Martínez Bello	Vicepresidenta
Raúl Leirós Gutiérrez	Director Técnico
	Vogal Actividades de Montaña
Cándido Costas Costas	Vogal Actividades Infantís e Xuvenís
Antonio Paredes Chapela	Vogal Barrancos
Eduardo Barrosa Picón	Vogal Marchas e Campamentos
Angel González Iglesias	Vogal Carreiras por Montaña
Felipe Martínez Redondo	Vogal Esquí de Montaña
José Carlos Senovilla Sanz	Vogal
José Miguel Merino Encinas	Vogal

Procédese á votación e tódolos novos membros aceptan o seu cargo. Así mesmo acórdase que as 3 (tres) sinaturas para movementos bancarios mancomunadas, e esixibles dúas a dúas, sexan administradas por:

NOME	CARGO
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle	Presidente
María Begoña Landesa Torrado	Secretaria Xeral
Henar de Diego de Diego	Tesoureira

Acordase transmitir este acordo á Xunta de Galicia, para rexistralo e formalizalo. Este acordo será

transmitido tamén á Federación Galega de Montañismo, co fin de que calquera membro desta Xunta Directiva, co visto e praxe do Presidente, poida representar ó Clube de Montaña Xistra ante os órganos federativos. Así mesmo autorízase ó Presidente para que dea os pasos oportunos co fin de cambiar as sinaturas autorizadas ante as entidades bancarias que correspondan.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe o Director Técnicos (en funcións de Secretario) co visto e praxe do Presidente.

Dá fe  
Raúl Leirós Gutiérrez  
Secretario da reunión

Co Visto e Praxe  
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle  
Presidente do Clube de Montaña Xistra